

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A HERMANDAD GALLEGA DE VENEZUELA PARA A ADQUISICIÓN DE MEDICAMENTOS DESTINADOS ÁS PERSOAS GALEGAS RESIDENTES EN VENEZUELA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa entidade Hermandad Gallega de Venezuela, un convenio de colaboración para articular o financiamento dos servizos de distribución de medicinas e demais produtos farmacolóxicos entre os galegos e galegas residentes en Venezuela en situación de discapacidade ou con algún tipo de enfermidade.

Que a Secretaría Xeral da Emigración considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, polo que non é posible promover a concorrència pública, baseándose no disposto no artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O interese público de colaboración no desenvolvemento da presente actuación radica no obxectivo de mellorar a saúde da colectividade galega asentada en Venezuela e, en particular, no relacionado coa subministración de medicamentos e outros produtos farmacolóxicos.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Hermandad Gallega de Venezuela, con sede en Caracas, é unha entidade sen ánimo de lucro fundada en 1960. Está rexistrada como comunidade galega no Rexistro de Comunidades Galegas da Secretaría Xeral da Emigración e ten entre outros fins o acollimento das persoas emigrantes galegas residentes na súa área xeográfica, a difusión dos valores tradicionais, sociais e culturais de Galicia en Venezuela, así como carácter asistencial e de axuda a quen máis o necesita.

A Hermandad Gallega de Venezuela é a entidade galega de referencia no país caribeño, que agrupa actualmente a máis de oito mil persoas socias emigrantes galegas e a súa descendencia, representativas da importante colonia galega residente en Caracas e a súa área xeográfica, colectivo potencialmente susceptible de ser beneficiario dos programas e das actividades que executa a Secretaría Xeral da Emigración coa que está colaborando activamente.

Esta entidade está a desenvolver unha importante política social, asistencial e sanitaria orientada a facer efectiva a cobertura médica básica ás persoas que se

SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN
Praza de Mazarelos, núm. 15
15703 Santiago de Compostela
T. +34 981 957 158
emigracion@xunta.gal
galiciaaberta.com



atopan en situación de necesidade pertencentes á colectividade galega, tendo en conta que un gran número de persoas deste colectivo non dispón da pensión económica por razón de necesidade que concede o Estado español, e que os seus recursos non posibilitan a cobertura de tales necesidades. A propia entidade dispón de servizos básicos de asistencia social, de ambulatorio médico e atención sanitaria básica.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Para realizar as actividades descritas no presente convenio, a Secretaría Xeral da Emigración achegará unha contía de cincuenta mil euros (50.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

